

Bases para optar ao premio enmarcado na iniciativa “Tropaverde” e que leva por título “Por un Nadal máis sostible”

PRIMEIRA.- Obxecto e marco de referencia

A campaña que Teimas Desenvolvemento S.L. NIF B70179973, en adiante "Teimas" como a empresa ideadora da Tropaverde, no ámbito do incentivo da prevención de residuos presenta o concurso “Por un Nadal máis sostible”, concurso que consta de tres (3) premios e no que poderán participar todas as persoas rexistradas na Tropaverde do Concello de Santiago de Compostela, en adiante “Tropaverde SCQ”.

O obxectivo non é outro ca dar un paso máis sobre a necesaria tarefa de concienciación cidadá e promover o uso de materiais reciclables e reutilizables como envoltorios de agasallos. Este obxectivo concreto está aliñado co obxectivo xeral da iniciativa Tropaverde, que ten como finalidade mellorar os índices de reciclaxe, reducindo os custes de xestión de residuos. A Tropaverde incentiva á cidadanía a reciclar mediante recompensas directas por cada boa acción ambiental a través da súa páxina web.

SEGUNDA.- Mecánica do concurso

Para participar no presente concurso as persoas participantes deben seguir as seguintes instrucións:

- Ser membro da Tropaverde SCQ. Se algún cidadán ou cidadá quere participar e non é membro da Tropaverde pode darse de alta en tropaverde.org para o que só precisa un enderezo de correo electrónico e un contrasinal.
- Confeccionar envoltorios de regalos con materiais reutilizables, biodegradables e/ou reutilizados evitando en todo caso o uso de materiais plásticos (derivados do petróleo). Algúns exemplos de materiais a empregar son: xornais e revistas vellos, tea, fíos de fibras naturais (lá, esparto, algodón, ...), elementos naturais (follas, flores secas, pequenos froitos,...), etc.
- Realizar fotografías dos envoltorios confeccionados.
- Remitir as fotografías a Teimas para que sexan avaliadas polo xurado. Habilitaranse 3 (tres) vías de participación:
 - Envío das fotografías ao enderezo de correo electrónico info@tropaverde.org indicando no asunto “Concurso Nadal máis sostible”.
 - Publicación das fotografías de xeito público no perfil de Facebook de cada persoa participante, nomeando á Tropaverde SCQ (@tropaverdeSCQ) na publicación.
 - Envío da fotografías por mensaxe privada á páxina de Facebook da Tropaverde.

En calquera caso, **admitirase ata un máximo de dúas (2) fotografías por persoa**. Así mesmo, será necesario que, en cada fotografía se indiquen os materiais empregados para confeccionar o envoltorio. Ditos materiais especificaranse por escrito no corpo do correo electrónico, no texto da publicación en Facebook ou no texto que acompañe á mensaxe privada de Facebook.

Os envoltorios non teñen porqué corresponder unicamente a envoltorios de agasallos de Nadal. Admitiranse igualmente a concurso as fotografías de envoltorios realizados, por exemplo, como resultado dunha actividade en familia.

TERCEIRA.- Ámbito persoal e territorial

Poderán participar neste concurso todos os membros da Tropaverde SCQ. Se algún cidadán ou cidadá quere participar e non é membro da Tropaverde pode darse de alta en www.tropaverde.org.

CUARTA.- Prazo de participación

O período de participación será do **martes 22 de decembro de 2020 ao mércores 13 de xaneiro de 2021 ás 23:59h. O resultado do concurso farase público o luns 18 de xaneiro**

QUINTA.- Descrición do premio

O xurado reunirse os días 14 a 15 de xaneiro para avaliar as fotografías recibidas. Desta avaliación **resultarán as 3 (tres) persoas gañadoras**.

Cada persoa gañadora recibirá **un lote de agasallos** composto por:

- Unha botella de vidro reutilizable.
- Unha bolsa de tea.
- Unha bolsa de merenda de tea.
- Un libro do xornalista Antonio Perozo.



As persoas gañadoras serán contactadas polo persoal de Teimas a través do mesmo medio (correo electrónico ou Facebook) do que participen no concurso.

O día e lugar de entrega dos premios acordarase coas persoas que resulten gañadoras. A persoa que recolla o premio deberá acreditar documentalmente a súa identidade.

Só se entregará un lote de agasallos por persoa.

SEXTA.- Gratuidade da participación

A participación neste concurso é de balde.

SÉTIMA.- Condicións das candidaturas

A candidatura das diferentes persoas participantes farase efectiva no momento en que estas envíen as súas fotografías para ser valoradas polo xurado, a través de calquera das tres (3) vías indicadas na base segunda.

OCTAVA.- Xurado

O xurado desta campaña estará conformado por:

- Eva Ezcurra – Representante da TropaverdeSCQ no Concello de Santiago de Compostela.
- Jose Antonio Perozo – xornalista.
- Paula Cantero – Deseñadora gráfica en Origami.
- Inés Lusquiños – Representante da TropaverdeSCQ en Teimas.

Os criterios a avaliar para a selección das tres persoas gañadoras son:

- Variedade de materiais empregados.
- Orixinalidade no uso dos devanditos materiais.
- Potencial de reutilización dos materiais empregados.

Teimas queda exonerada de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polas persoas participantes que impida a súa correcta identificación.

Teimas resérvase o dereito para efectuar, en calquera momento, cambios que redunden no bo fin do concurso, tales como, a título enunciativo pero non limitativo: ampliación do período do concurso, inclusión de novos premios ou modificación das condicións de participación, ou cando concorran calquera causa de forza maior que impida levalo a termo na forma en que se describe nas presentes bases. Ditas modificacións serán comunicadas na páxina web da Tropaverde (www.tropaverde.org) e/ou nas redes sociais da Tropaverde a tódolos participantes.

Teimas non se responsabilizará da perda, avaría ou destrución do premio.

NOVENA.- Difusión e publicación

1. A Tropaverde poderá proceder a divulgar a través dos seus propios medios (páxina web da Tropaverde, redes sociais e comunicados de prensa) os resultados e participación deste concurso.
2. As persoas gañadoras autorizan expresamente a difusión das súas fotografías a través dos medios propios da Tropaverde e o uso das gravacións audiovisuais e fotografías que poidan realizarse durante a súa participación, así como a súa posterior utilización coa finalidade autopromocional da campaña, o que incluírá a súa reprodución e comunicación pública naqueles medios que a Tropaverde considere oportunos sen límite temporal algún.
3. A participación nesta iniciativa supón a aceptación de todas as bases.

DÉCIMA.- Protección de datos

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), TEIMAS tratará a información que nos facilita co fin de enviarlle publicidade relacionada coas nosas campañas e concursos por calquera medio (postal, email ou

teléfono) e convidalo/a a eventos organizados pola empresa. Os datos proporcionados conservaranse mentres non solicite o cesamento da actividade. Os datos non se cederán a terceiros agás nos casos en que exista unha obrigaión legal. Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se en Teimas estamos a tratar os seus datos persoais e a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar o súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos, mandando un correo electrónico a info@tropaverde.org.

UNDÉCIMA.- Aceptación e interpretación das bases

A participación no mencionado concurso supón a aceptación das presentes bases, así como a aceptación da interpretación que das mesmas puidese facer Teimas e dos criterios que estableza para resolver cantas cuestións derívense do mesmo.

As bases desta promoción estarán a disposición de calquera interesado nas oficinas de Teimas en Santiago de Compostela, e na páxina web <https://www.tropaverde.org/>.

DUODÉCIMA.- Lei aplicable

A lei aplicable á presente promoción será a española